

Gondomar

BOLETÍN INFORMATIVO DO BNG-GONDOMAR

PRIMAVERA 2025



A veciñanza de Gondomar exige do alcalde o saneamento integral



A portavoz municipal do BNG, Manuela Rodríguez, xunto Marta Dacosta informando á veciñanza de Gondomar

“Gondomar ten un alcalde que lle nega saneamento á veciñanza e rouballe servizos básicos”

Malia ser un **servizo básico** que os concellos deben garantir por ser **competencia municipal** de obrigado cumprimento, Gondomar segue a ter máis de **3.000 vivendas sen saneamento** e o seu goberno municipal segue sen lle dar prioridade.

Aínda así, o alcalde, a pesar de **dispoñer** no 2024 de **3,7 millóns** de euros nas arcas municipais e recibir da Deputación **1,1 millóns** máis, **NON** destinou **nin un só euro ao saneamento** de Gondomar nin a mellorar os servizos.



A portavoz municipal do BNG, Manuela Rodríguez, reunida con veciñas e veciños do Camiño Branco reclamando saneamento

E, por riba, o **alcalde** e o seu goberno, coa complicidade da **tránsfuga** Rocio Cambra, **rexeitan poñer en marcha o servizo municipal transitorio de baleirado de fosas sépticas** e pozos negros, tal como demandaba o BNG no pleno municipal de febreiro, e que se aplicaría a domicilios privados, centros sociais e pequenos negocios afectados pola limitación da rede de saneamento.

Un servizo alternativo imprescindible en Gondomar, onde quen non ten saneamento paga por un único baleirado privado anual (132€ como mínimo) o mesmo que paga, quen si ten saneamento, por cinco anos da taxa do servizo público municipal (25,46€ ao ano).

“O BNG leva anos reclamando o saneamento integral do concello, co apoio firme da veciñanza, tanto na rúa como diante do goberno municipal”

**Escaneando este QR
podes ver outras
iniciativas nosas!**



A seguridade das persoas en perigo polo desleixo da Deputación e a Xunta de Galiza

Demandamos solucións aos problemas de mobilidade e seguridade viaria



- **EP - 2303 Estrada Gondomar - Vilaza:**
Completar a colocación de barreiras de protección nas zonas con desniveis.



- **EP - 2302 Estrada Gondomar - Chaín - Morgadães:**
Rematar as beirarrúas para non ter que transitar polo calzada ou cruzar a vía en lugar de escasa visibilidade.



- **EP - 2301 Estrada Gondomar - Peitieiros:**
Rozar os setos que ocupan as beirarrúas e obrigan a camiñar pola calzada.



- **PO-341 Vincios-Couso:**
Construír a senda peonil que demanda a veciñanza de Vincios, Chaín, Morgadães, Peitieiros e Couso.



- **PO - 331 Estrada Gondomar - O Porriño:**
Converter en travesía urbana o tramo que discorre polo centro de Vincios.



- **PO - 331 Estrada Gondomar - O Porriño:**
Dotar de senda peonil e pasos de peóns o tramo que atravesa o barrio do Tumbio.



- **AG-57 Autoestrada do Val Miñor:**
Eliminar as peaxes na AG-57 para convertela en verdadeira circunvalación ao Val Miñor en xeral e, máis en particular, en alternativa gratuita á PO-331 ao seu paso por Vincios.

Esa medida xunto con outras de calmado de tráfico contribuirían a mellorar a calidade de vida na parroquia e a reducir a sinistralidade e os riscos asociados ao tráfico.

A Xunta debe repoñer o comedor no CRA

A iniciativa do BNG non foi apoiada polo PP

Presentamos unha iniciativa no pleno para reclamar da Xunta de Galiza a **reposición do Servizo de Comedor do CRA** Antía Cal. Un servizo que recolla o alumnado da aula de Peitieiros que o solicite e que amplíe a cobertura ás aulas de Chaín, Couso, Morgadáns e Vilaza, encargándose o Concello de prestar o servizo mentres non actúe a Xunta. Recibimos o apoio da corporación municipal a excepción da representación **do PP**.

É urxente que se recupere o servizo e evitar a perda de matrícula para o curso 2025-2026. Non podemos consentir que a falla de servizos acabe co colexio rural como modelo educativo alternativo, que semella ser o obxectivo da Xunta de Galiza gobernada polo do PP. É por iso que o goberno municipal debe actuar e xestionar coa Consellaría de Educación unha solución que permita recuperar este servizo esencial para as familias.



Manuela Rodríguez e David Rivas

Gondomar sofre un alcalde sen ética

Non ten escrúpulos en utilizar tráfugas

A Paco Ferreira e ao PSOE de Gondomar **todo lles vale** con tal de **gobernar ao seu antollo**. Non teñen escrúpulos en utilizar **tráfugas**.

Cos seus habituais métodos "**raposeiros**", e obviando a **dubidosa legalidade** da proposta, Ferreira pretende modificar un acordo pactado pola oposición para colocar á concelleira non adscrita **Rocío Cambra** como representante da corporación municipal da mancomunidades de concellos do Val Miñor e da Área de Vigo, **apoiándose no voto da propia tráfuga** que lle dá o seu 'interesado' voto.

Esta é a democracia e ética política de Ferreira, un alcalde que **se apoia en tráfugas**, como a concelleira Rocío Cambra, para obter a maioría que non lle deron as urnas nas últimas eleccións. **Mentres na rúa se lle esixen accións de goberno** que atendan as necesidades da veciñanza, el anda ao seu interese persoal, procurando maiorías que xustifiquen o seu desgoverno. **Denigrante**.



Manuel Gómez, Rocío Cambra e Ángel Perez en sesión plenaria xunto a portavoz do BNG, Manuela Rodríguez.

O PP contra a creación de emprego e mellora da calidade de vida

O **governo do PP** na Xunta de Galiza **deixou Gondomar sen uns investimentos** que incidirían de xeito significativo na creación de emprego e na calidade de vida da veciñanza.

Todas as emendas do BNG aos Orzamentos da Xunta para 2025, tanto as relativas ao noso concello como ao conxunto do Val Miñor, **foron rexeitadas polo PP** de Rueda co **silencio cómplice** do PP local **de Paula Bouzós**.

Un **Partido Popular que volve desprezar**, unha vez máis, as reclamacións veciñais de investimentos en servizos públicos, na reactivación económica, no medio ambiente ou na mellora da mobilidade e das infraestruturas.

Emendas BNG - OXG 2025 – Gondomar – Val Miñor

Servizo de comedor para as aulas do CRA Antía Cal	100.000
Ampliación depuradora + Ampliación da rede de saneamento	3.000.000
Construción dun centro de día público para os maiores	500.000
Construción dunha nova escola infantil pública	300.000
Incremento financiamento Centro Información Mulleres (CIM)	150.000
Medidas paliar efectos das enchentes barrio da Ponte (Mañufe)	150.000
Bolsa de vivendas sociais e en alugueiro de baixo custe	300.000
Implantación Bacharelato de Artes nun instituto do Val Miñor	100.000
Estudo para a recuperación ecolóxica da Foz do Miñor	500.000
Construción residencia de maiores pública no Val Miñor	1.000.000
Novas instalacións GES Val Miñor (servizo emerxencias)	1.000.000
Ampliación profesionais servizo saúde mental centro Val Miñor	500.000

Total Emendas: 7.600.000



Ana Pontón

Portavoz Nacional do BNG

Vostede sempre di que a sociedade galega é unha sociedade viva e mobilizada.

Si, é así. Temos que sacarnos de enriba os tópicos que aínda pesan sobre nós. Temos que dicilo con claridade e sen complexos: somos un país rico, cheo de recursos e de potencial, pero estamos discriminados e expoliados. E si, tamén, somos un pobo vivo e mobilizado, que sae á rúa a defender o seu futuro cada vez que nos sentimos agredidos. Fixémolo co Nunca Máis, facémolo na defensa da lingua, fixémolo masivamente pola sanidade pública ou contra Altri. Pero hai a quen lle interesa facer crer que nada se move.

"GALIZA SÓ AVANZARÁ SE NOS FACEMOS VALER. O PP TRABALLA A FAVOR DE MADRID E DAS GRANDES EMPRESAS AMIGAS"

Á televisión de Galicia, por exemplo.

Ao PP. Interesalle ao PP, que converteu a TVG e a Radio Galega no seu aparato de propaganda. Chegan a emitir noticias falsas sobre o BNG. Tanto lles preocupa o medre dun BNG á alza que xa non saben que facer. A situación de manipulación e de control mediático do PP en Galiza é tremenda, e non imos deixar de denunciálo.

A chave para cambiar as cousas é facerse valer, di vostede.

Claro, facerse valer como país. Ese é o cambio real en Galiza. Actuar coma un país adulto, que mira polo seu futuro e os seus intereses. Para que a riqueza e os recursos galegos estean ao servizo de crear aquí riqueza e emprego. Ou para as empresas que traballan aquí coticen aquí, e non en Madrid. Ou para xestionar nós os nosos impostos e decidir en que precisamos investilos. Iso é facerse valer. Mirar polo noso e poñer fin á discriminación do Estado con Galiza, que se dá sempre, governe en Madrid quen governe. As cousas só cambian a mellor para Galiza cando temos peso político propio, cunha forza propia como o BNG. O PP traballa, desde a Xunta, a favor de Madrid e das empresas amigas.

A pesar dese control, as políticas do PP teñen moita contestación social.

Claro, e cada vez máis. Porque a xente percibe claramente o que ocorre cando vai ao médico, ou cando busca piso de aluguer ou cando paga a factura da luz. Por iso cada vez máis xente sae a defender a sanidade pública, ou a esixir que a vivenda sexa un dereito e non un negocio, ou entende que temos que poñer fin ao espolio enerxético que padecemos, co país cheo de eólicos nos montes e centrais nos ríos e pagando a luz máis cara que en Madrid, que non produce un só quilovatio. E o BNG é a referencia política destas loitas e da defensa dunha Galiza con futuro.

Contacta co BNG!

 616 96 40 27

 @bng_gondomar

 gondomar.bng.gal

 gondomar@bng.gal

 @bnggondomar4810

 @bnggondomar



Gondomar